# Reunión CEFORE
# Mércores 2-3-16



Os que tedes acudido ás reunións do CEFORE con Xosé Ramón, sabedes que non é tarea fácil facer un resumo ordenado das mesmas.

Dito isto, vos comentarei algúns dos puntos sobre os que alí se falou:

1º Cada coordinadora/or puxo en común o que se está a facer no seu centro (con máis ou menos interrupcións e digresións ao respecto)

2º Prantexouse o tema do alumnado que SNE a reforzo no sentido de que a esencia da AC é a de estratexia de inclusión polo que a proposta é: non é mellor agrupar por equipos que agrupar/separar os nenos?
A A.C. aspira a que os Plans de Equipo o sexan do grupo-clase e non da materia.

3º Derivado do anterior e repetido con insistencia, vólvese recordar tamén que o Plan de Xeneralización é do grupo-clase.

4º Falouse tamén da importancia do diario de sesións en canto a que a súa frecuencia debe ser cada dúas/tres estruturas.
A razón disto é a de que o diario vai ser o principal instrumento de avaliación da aprendizaxe da cooperación. As rúbricas que poidamos facer, e a propia rúbrica que eles teñen confeccionada, baseán-

-se no diario de sesións.
Con isto estouvos a decir que tamén se tratou o tema da avaliación da aprendizaxe cooperativa, pero de xeito moi tanxencial porque hai centros onde este tema o ven demasiado lonxe dos seus obxectivos.

5º Abordáronse tamén as estruturas complexas porque eu o solicitei debido a que tiña programado "Un Rompecabezas".
Tratando de resumir o que alí se dixo acerca delas diréi que son estructuras pensadas para adquirir aprendizaxes xerais e prolongadas no tempo e que se levan a cabo mediante o uso de estruturas simples dentro delas.

6º Se estamos dispostos a facer rúbricas este ano, se o consideramos necesario (non é obrigatorio) debemos recordar que é importante facela co alumnado ou, polo menos, que o alumnado a coñeza previamente e a teña a súa disposición. Tamén é importante que a rúbrica estea relacionada co Plan de Equipo e os diarios de sesións.

7º Finalmente, acordouse que o que resta de formación (nosa) centrarase en profundizar nos Plans de Equipo e na avaliación.